



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO

Santiago de Compostela,

24 OUT. 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura e Turismo, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Mons. D. Leonardo Lemos Montanet, actuando en representación da Diocese de Ourense, en virtude da súa condición de Bispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do "Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Terceiro: Que a Consellería de Cultura e Turismo, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do



resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Ourense ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura e Turismo os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovible, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo, e a Diocese de Ourense **para a posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente Convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmoables sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmoables.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura e Turismo, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura e Turismo a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.



A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura e Turismo quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA DIOCESE DE OURENSE

Pola súa banda, a Diocese de Ourense autoriza a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura e Turismo para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura e Turismo, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

CUARTA.- COMISIÓN PARITARIA

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

QUINTA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgúna das cláusulas que o regulan.

SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA: PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o mosteiro cisterciense de Santa María a Real de Oseira acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.



OITAVA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínanlo e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura e Turismo

Román Rodríguez González



O bispo da Diocese de Ourense

Leonardo Lemos Montanet





ANEXO 1 DE ACTUACIÓNS VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DIOCESE DE OURENSE

BEN: Capela de san Pedro de Leiro
SITUACIÓN: Rúa Emilio Hermida, 32420 Leiro (Ourense)
PROTECCIÓN: O inmoble está protexido polo seu valor cultural ao atoparse incluído no Catálogo de Patrimonio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Leiro aprobado o 25.06.2012 (BOP 21.07.2012) co código de elemento 1-10, e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

ACTUACIÓN: PBE de consolidación estrutural e restauración das cubertas da capela de san Pedro de Leiro (exp. SAE: 2013/218)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 145.000,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 6 meses

DESCRICIÓN:
A capela é un edificio de pequenas dimensións de planta rectangular, cunha única nave de dous tramos e unha cabeceira cadrada. Atópase cuberta con tres bóvedas de cruzaría. A luz das bóvedas da nave é de 4,8 m e a da cabeceira de 4 m. Toda a capela está construída con cantaría de granito, o grao típico da zona do Ribeiro. A súa construción data de finais do século XVI, cunha inscrición co ano 1576, existindo constancia documental de que foi reformada en profundidade a finais do século XVII, segundo un estudo de dona Celsa González Hermida en 2005 titulado <i>Aconteceres da Capela de San Pedro de Leiro</i>. Na súa portada, un arco de medio punto enmárcase nun pórtico de liñas rectas, destacando a cara de dous anxos e dous pináculos. Na parte superior da fachada hai unha representación dun rostro. A espadana de recente construción (ano 1956) é desproporcionada para o tamaño da portada substituíndo a primitiva situada nun lateral da portada. Na fachada lateral á praza destacan uns grandes contrafortes escalonados e un escudo dos Mosquera coas armas de Suárez de Deza, Taboada, Oxea e Piñeiro, familia promotora da reforma da capela levada a cabo entre 1689 e 1691, dato histórico extraído do libro de dona Celsa González Hermida.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

En xeral a capela presenta graves problemas na formación das bóvedas, con visibles fendas e un gran desaxuste do arco toral apuntado da cabeceira que separa a nave do presbiterio onde destaca o desprome do seu estribo, a fenda na clave e nas doelas que inclúe a rotura da fábrica.

Tamén existe no seu interior unha estrutura de madeira que ocupa o primeiro tramo da nave, que foi incorporada recentemente ao seu interior, que impide visualizar as bóvedas de aresta que se atopan a unha altura de 6,00 m e que deteriora a calidade espacial do interior da capela.

Outro elemento discordante na capela de san Pedro de Leiro é a espadana que foi construída no ano 1956 cun deseño e dimensionamento que contrasta coa portada da igrexa e que non se corresponde coa súa situación orixinal nun lateral da fachada e cun carácter mais discreto, polo que parece razoable recuperar coa intervención prevista a súa localización orixinal.

Conxuntamente coas patoloxías mencionadas na igrexa, atópanse as patoloxías de filtracións e estruturais existentes na estrutura de madeira do soporte da cuberta de tella que aconsella a súa renovación integral. No seu interior os paramentos están revocados con morteiro de cal e de cemento que se atopan deteriorados, polo que deberán ser renovados coas cautelas habituais neste tipo de actuacións.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver serían as seguintes:

- Consolidación estrutural do arco toral do presbiterio cun tirante que elimine os esforzos horizontais existentes.
- Eliminación da tribuna que altera a visión das bóvedas.
- Recuperación do campanario na súa posición antiga.
- Renovación integral da estrutura de madeira da cuberta existente por outra de castiñeiro e recuperación das



augas orixinais.

- Substitución do soporte de cuberta existente de pranchas de fibrocemento con amianto por outro composto por: lámina reguladora de vapor de auga, taboleiro de madeira tipo OSB, dobre rastrel e tellas con talón.
- Tratamento dos elementos escultóricos existentes na portada e escudo.



BEN: Igrexa de san Pedro de Moreiras

SITUACIÓN: Lugar de Moreiras, 32920 Toén (Ourense)

PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao atoparse incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Toén, aprobado definitivamente con data do 30.06.2003 (BOP do 23.07.2003) coa ficha número 5. Polo tanto, e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016). O 16.04.1982 (BOE 22.6.1982) foi incoado expediente para a súa declaración como BIC.

ACTUACIÓN: PBE de restauración da cuberta da igrexa de san Pedro de Moreiras (exp. SAE: 2018/015)

INVERSIÓN ESTIMADA: 110.000.00€ (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 2 meses

DESCRIPCIÓN:

A igrexa atópase nun pequeno núcleo rural afastado polo oeste do núcleo principal de Moreiras. O edificio esta rodeado dun muro que pecha tamén o camposanto.

A igrexa ten planta de cruz latina e conserva nos seus muros restos románicos. No cruceiro ten un corpo elevado que é posible que sexa do século XIX rematado cunha cuberta a catro augas. O presbiterio é mais elevado que a nave que ten cuberta a dúas augas. Ten muros de fábrica isódoma, fachada con decoración barroca rematada por dous torres desiguais de traza renacentista e porta alintelada acompañada con dous pares de columnas exentas.

Tamén destaca a súa varanda de pedra que remata o primeiro corpo da fachada e dúas torres con remate piramidal na norte e cúpula na sur.

No interior destaca o retablo gótico con pezas de imaxinería de gran valor artístico. O altar maior é do século XVI presidido pola imaxe da Purísima.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A patoloxía estrutural e de humidades provocadas por filtracións de auga que presenta actualmente parte da cuberta da igrexa pode resumirse nos seguintes puntos:

- Rotura da viga do cumio da nave central no seu tramo de maior lonxitude.
- Alombamento da cuberta na zona da cumieira.
- Mala calidade do resto das vigas en xeral, a excepción da viga que xa foi substituída.
- Problemas de humidades provocadas por filtracións de auga que proveñen dos encontros entre a cuberta e os corpos de ambas torres dos campanarios.
- Diversos problemas de filtracións a través da cuberta na súa unión cos paramentos verticais.
- Problemas de humidades de considerable relevancia en amplas zonas do pavimento do lousado de pedra da igrexa.
- Estancamentos de auga na zona de acceso pola porta principal da igrexa que provén de auga filtrada a través das tumbas.
- Falta de adecuación dos elementos de instalación eléctrica, son, iluminación e calefacción situados en diversos lugares da igrexa.
- Accesos dificultosos ao coro.
- Establecemento de elementos de seguridade na saída ás cubertas, fundamentalmente para tarefas de mantemento.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver serían as seguintes:

- Desmontaxe da cuberta da nave principal e dos elementos existentes baixo tella ata chegar ao enlatado.
- Desmontaxe de canles e impermeabilizacións nos encontros da cuberta e os paramentos das torres e fachadas.
- Desmontaxe dos seguintes elementos: enlatado de madeira, pontóns, vigas e apeos metálicos.
- Preparación e limpeza dos paramentos verticais e horizontais para os novos encontros e impermeabilizacións
- Substitución das 6 vigas principais existentes por outras de madeira laminada de abeto.
- Substitución da estrutura de madeira secundaria existente por outra de madeira serrada de abeto.
- Colocación dun enlatado de madeira de abeto, previo tratamento preventivo e acabado tipo lasur.
- Colocación dun panel composto de dobre taboleiro aglomerado hidrófugo e illamento sobre o enlatado.



- Colocación de lámina impermeable transpirable tipo Tyvek.
- Colocación de tella cerámica curva sobre prancha de fibrocemento.
- Substitución das canles e baixantes de zinc.
- Realización de novos encontros de chumbo de primeira calidade na cuberta.



BEN: Igrexa de san Bartolomeu de Berrande

SITUACIÓN: Lugar de Berrande, 32617 Vilardevós (Ourense)

PROTECCIÓN: A igrexa de san Bartolomeu de Berrande está protexida ao estar recollida no Catálogo do patrimonio histórico-artístico do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Vilardevós do 16.12.2008 (BOP do 7.3.2009) na ficha A_097, e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

ACTUACIÓN: PBE de restauración da igrexa de san Bartolomeu de Berrande, Vilardevós (exp. SAE: 2018/016)

INVERSIÓN ESTIMADA: 160.000,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 5 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa de Berrande é de estilo barroco compostelán, finais do século XVIII, ten un interesante campanario así como unha bóveda de pedra.

A planta é de cruz latina cunha altura moi elevada e unha sancristía engadida rodeada dun muro de pedra que protexe as terras do adro.

Está feita con muros de boa fábrica de sillares de pedra e rematada con cornixa de pedra. As fachadas laterais están reforzadas con contrafortes e no alto marcadas con pináculos. Ao longo das fachadas laterais ábreanse varios ocos incluíndo dúas portas ao norte e sur.

A fachada principal está decorada nas esquinas con pilastras que rematan no alto en pináculos. No medio está a porta con lintel recto e bandas de pedras saíntes, diante desta una escaleira de tres treitos e tres chanzos. Sobre a porta hai una fiestra enmarcada con bandas de pedra. Entre as cornixas da directriz recta está o campanario, gran corpo de planta cadrada cunha alta base con refundidos e placas barrocas. Sobre a base está o corpo con catro ocos que acollen as campás. Este corpo ten una estrutura voada de pedra protexida cunha sinxela varanda de pedra. Enriba deste corpo, sobre un alto tambor, hai un cupulino e unha cruz final de ferro.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O estado de conservación da cuberta de tella plana é moi deficiente (aprécianse reparacións pouco afortunadas a base de tela asfáltica e outros materiais inadecuados que deturpan a imaxe da igrexa) e provoca a existencia de humidades e entradas de auga no interior do templo, afectando aos paramentos, arcos, pavimentos...

Aprécianse fendas e xuntas abertas que permiten a entrada de auga cara o interior dos muros.

A situación precaria da estrutura portante das campás pódese considerar incluso perigosa xa que ten risco de desprendemento ou caída.

Outros elementos como son as carpinterías, elementos pétreos de remate da torre e pararraios precisan unha reparación ou substitución urxente.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver serían as seguintes:

- Substitución/reparación da cuberta existente.
- Formación de drenaxe perimétrica no caso de consideralo oportuno.
- Renovación do rexuntado de paramentos
- Reparación/substitución de carpinterías e sistema portante das campás.
- Reparación/substitución do pararraios de ser preciso.



BEN: Igrexa de san Munio de Veiga

SITUACIÓN: Lugar de Veiga, núm. 15, 32817 A Bola (Ourense)

PROTECCIÓN: O inmoble está protexido polo seu valor cultural ao estar incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo se determina na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985)

ACTUACIÓN: Restauración do retablo lateral de san Ramón da igrexa de san Munio de Veiga (exp. SAE: 2018/010)

INVERSIÓN ESTIMADA: 26.620,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

O retablo lateral situado na zona do Evanxeo é de estilo barroco e cronoloxicamente pódese datar no século XVIII. Presenta unha policromía rica en dourados á auga, marmoreados de gran riqueza cromática e está constituído por predela, un primeiro corpo e ático. Verticalmente está dividido en tres rúas, unha principal de maior tamaño e dúas laterais separadas da central por columnas de estilo salomónico decoradas con abundantes motivos florais.

A predela está ricamente decorada con espléndidos relevos policromados con pan de ouro e ricos estofados dunha gran calidade técnica. As escenas da vida de san Ramón alternanse con primorosas imaxes de querubíns fermosamente tallados.

O primeiro corpo está constituído por tres rúas, na rúa central aparece a imaxe de san Ramón coroado por un espléndido relevo onde aparecen as imaxes de Cristo, a Virxe e san Ramón baixo un cisne. As rúas laterais están rematadas por estípites e están constituídas por fornelas que albergan as imaxes da Virxe Inmaculada e a Virxe do Carme.

O ático está tamén dividido en tres rúas e amosa relevos ricamente labrados. O da dereita amosa a escena na que san Ramón recibe o santísimo sacramento de mans de Cristo. Na rúa esquerda do retablo aparece un relevo no que se ollan o momento no que a mula onde era trasladado o corpo do santo para fronte a ermida de san Nicolao de Portell, na rúa central vese o tránsito da Virxe.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A simple vista o retablo lateral de san Ramón non presenta problemas de tipo estrutural, tampouco parece presentar problemas de suxeición á parede e a súa verticalidade con respecto ao muro é correcta.

A capa pictórica mostra un grave estado de deterioro pola posible entrada de auga desde a cuberta, actualmente corrixido, pero que afectou en gran medida á preparación e á policromía sobre todo na zona dereita do retablo onde se poden ver zonas totalmente lavadas pola influencia da auga.

En canto á estrutura parece que presenta unha boa estabilidade e verticalidade sen que se aprecien partes desprendidas ou a punto de desprenderse.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Desinsectación preventiva.
- Fixación da policromía.
- Consolidación.
- Reintegración matérica.
- Limpeza físico-química.
- Estucado.
- Reintegración cromática.
- Protección final.



BEN: Igrexa de san Salvador de Pazos de Arenteiro

SITUACIÓN: Lugar de Pazos de Arenteiro, 32514 Boborás (Ourense)

PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao estar incluído no Catálogo do Patrimonio Arquitectónico do Plan Xeral de Ordenación Urbanística do concello de Boborás (Ourense), aprobado o 16.9.2011 (BOP 29.10.2011), ficha nº196 e con protección integral, segundo se determina na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) e a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 296 do 11.12.1985).

ACTUACIÓN: Restauración da portada principal da igrexa de San Salvador de Pazos de Arenteiro (exp. SAE: 2018/047)

INVERSIÓN ESTIMADA: 18.004,80 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 3 meses

DESCRICIÓN:

A fachada principal da igrexa de san Salvador de Pazos de Arenteiro ten unha portada románica na que predomina a ornamentación vexetal en tres dos catro capiteis e motivos zoomorfos en forma de dúas pombas no que está situado sobre a columna da xamba dereita.

O abocinamento da portada occidental dalle á fachada sensación de profundidade e volume. O arco de medio punto da portada posúe unha chambrana composta por tres liñas de tacos en forma de axadrezado que envolve o conxunto formado por dúas arquivoltas que amosan boceis e medias cañas ornamentadas con capullos de catro follas. Estas arquivoltas descansan sobre cimacios, o esquerdo amosa unha decoración mediante dúas ringleiras de bolas e o dereito ornamentado con sogueado. Estes dous cimacios están apoiados sobre catro columnas acodilladas nos dous lados do portal. Son columnas de fustes monolíticos con basas áticas con garras que descansan sobre plintos cúbicos dotados de relevos con eslabóns formando oitos no esquerdo e cruces no exterior dereito.

A portada conta cun tímpano decorado cunha cruz na parte inferior e catro molduras, tres a modo de bocel cun par de medias cañas decoradas por seis bolas cada unha e a cuarta a modo de chambrana cunha decoración a modo de dentes de serra. Este tímpano apoia sobre dúas mochetas.

Sobre a portada a fachada occidental amosa un vano rectangular, que no seu momento substituíu ao vano románico e que actualmente está enmarcado por un arco de medio punto en baquetilla. Coroando esta fachada hai unha espadana con tres vanos para as campás sobre a que se atopa a cruz de Malta, xa que este templo foi un dos edificios clave da Encomenda de Pazos de Arenteiro, da Orde de san Xoán. Comezou a súa actividade nesta localidade no ano de 1542 ao morrer Alonso Gago, último responsable na zona da Orde do Santo Sepulcro, pasando as propiedades desta última a Pazos de Arenteiro e a Beade, onde se estableceron as súas respectivas Encomendas Sanxoanistas.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O paso do tempo ocasionou importantes danos na portada: falta e disgregación de morteiro nas xuntas, perda por meteorización do material pétreo da basa da columna interior dereita (da que falta a metade)... O cimacio esquerdo amosa unha fisura que o atravesa xusto enriba do capitel das pombas, desplacación da superficie pétreo no muro xunto ás dúas columnas da esquerda e nos baquetóns cos que está moldurada a xamba esquerda, as basas das dúas columnas da dereita da portada amosan desgaste e perda de substrato pétreo. Na fachada, entre outras alteracións, obsérvanse, faltas de volumes na cornixa superior.

As necesidades que se pretenden cubrir coa restauración son as de frear o deterioro da portada, suprimindo ou minimizando os factores de alteración actuais e prevendo no posible os futuros.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Redacción do proxecto de intervención.
- Realización de analíticas.
- Limpeza en seco con brocha, cepillo de cerda suave e aspiradora.
- Tratamento de xuntas: eliminación de xuntas deterioradas e reposición con morteiro de cal hidráulico e areas de granulometría variada e pigmentos en caso necesario.
- Limpeza en húmido con auga e un tensoactivo, con cepillo de cerda suave e esponxa natural, respectando os



restos de enlucido.

- Desalación das zonas que se vaian a consolidar e limítrofes.
- Consolidación de placas mediante inxección de morteiro micronizado tipo PLM.
- Consolidación con silicato de etilo das zonas que presenten meteorización da súa superficie.
- Reintegración con morteiro de cal hidráulico e area das lagoas principais.
- Realización de enxertos de pedra na zona da cornixa co fin de frear as augas de escorrentía.
- Redacción dunha memoria final de intervención.



BEN: Mosteiro de san Clodio e a súa ponte medieval

SITUACIÓN: Rúa San Clodio, 32420 Leiro (Ourense)

PROTECCIÓN: O mosteiro de san Clodio e a súa ponte medieval foi declarado BIC con categoría de monumento polo Real decreto 1198/1981, do 08.05.1981 (BOE do 22.06.1981). O Decreto 24/2001, do 25.01.2001, delimita o contorno de protección do mosteiro de san Clodio e a súa ponte medieval (DOG do 06.02.2001). A igrexa de santa María e mosteiro de san Clodio están recollidos no catálogo do PXOM do Concello de Leiro do 25.06.2012 (DOG do 05.07.2012) co código de elemento 1-12 e grao de protección integral.

ACTUACIÓN: 2ª Fase da restauración do reloxo mecánico do século XVIII e do campanario de forxa no mosteiro de San Clodio (exp. SAE: 2018/054)

INVERSIÓN ESTIMADA: 26.620,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 3 meses

DESCRICIÓN:

De orixes incertas, algúns autores como Yepes afirman na súa crónica que a fundación do mosteiro tivo lugar no século VI (cara ao ano 554). Outros autores, como Ambrosio de Morales, remontan a orixe do mosteiro ao século X. A mediados do século XII, entre os anos 1151 e 1158, san Clodio aceptou a observancia da regra de san Bieito. No ano 1510 o mosteiro foi cedido á Congregación de Castela.

A igrexa é de planta basilical, de tres naves, con catro tramos en cada unha delas e cun cruceiro que non se marca nin en planta nin en alzado. A cabeceira presenta tres capelas absidais das que destaca a central –en planta e en altura- sobre as laterais. Accédese ás tres a través dun arco apuntado apeado sobre columnas chantadas no muro que dan paso a un presbiterio plano cuberto por unha bóveda cuatripartita con clave central decorada na capela maior. O soporte é o piar composto de núcleo primástico ao que se unen as columnas que soportan os arcos de ingreso nas capelas.

No exterior, a cabeceira da igrexa mantén os volumes do interior destacando en proporcións a capela central con xanelas de arcos moldurados sobre columnas, o que a diferencia das laterais que presentan só un arco liso sobre xambas. Os beirados mostran canzorros decorados con motivos xeométricos. Na torre da igrexa está situado o reloxo mecánico.

O reloxo mecánico atópase no interior dunha cámara abovedada da torre do campanario. Trátase dun reloxo realizado en ferro forxado e no que tras a intervención de restauración promovida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no 2017 puido constatar, grazas ás labores de retirada da capa de ferruxe, que a súa data de fabricación corresponde ao ano de 1700, sen poder precisar máis o ano por mor dun remache que oculta as dúas últimas cifras do ano.

O reloxo mecánico, tiña como principal función marcar as horas e os cuartos mediante un mecanismo sonoro consistente na posta en marcha, mediante un sistema de tiros, duns martelos de gravidade situados no alto do campanario que percutían sobre dúas campás, unha de maior tamaño do 1866 destinada ás horas, e outra de menor tamaño do 1947 para os cuartos. Ambas campás actualmente están situadas nunha estrutura de ferro forxado con elementos decorativos, unha cruz e un catavento. Sospéitase que a devandita estrutura foi creada posteriormente, probablemente no ano 1800, e que orixinalmente as primeiras campás puideron estar dentro do campanario xunto co sistema de martelos percutores actual.

O funcionamento do reloxo mecánico realízase mediante tres pesas feitas en pedra de granito penduradas no interior dun foxo. Unha pesa destinada ao funcionamento das horas, outra aos cuartos e a última ao péndulo. O remonte das pesas debe realizarse cada doce horas.

Antes da súa restauración o reloxo atopábase nun estado de abandono absoluto e o seu estado de conservación era moi malo. Presentaba unha capa de oxidación que cubría a totalidade do reloxo, impedindo ver as numerosas inscricións históricas que posúe e que dan información do gran valor histórico deste. Así despois da limpeza saíron á luz as seguintes inscricións: "EN LA CORVÑ ELM DEL REI BALTASAR BARREIRO SIENDO"/ "ABAD EL R P Bernardo PREDICADOR CE" / "DEL ORDEN DE N P S BERNARDO" / "AÑO DE 17".

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Actualmente o reloxo mecánico esta totalmente restaurado e en funcionamento polo que cómpre, para restituír totalmente o seu significado, iniciar unha 2ª fase consistente en devolverlle a súa funcionalidade como elemento sonoro. Para isto é preciso restablecer a conexión deste cos martelos percutores responsables de dar as horas e os



cuartos ao golpear as campás situadas nunha estrutura de ferro de forxa situada no alto da torre do campanario.

Debido ás modificacións efectuadas ao longo do tempo na cuberta, así como na posible localización orixinal das campás dentro do campanario (actualmente no alto da torre) a traxectoria dos tiros que accionaban os martelos da torre para o toque das campás viuse modificada, polo que resulta imposible recuperar este sistema de tiros orixinal por razóns técnicas. Tense constancia da utilización destas pesas de maior tamaño no pasado, xa que estas estaban unidas ao mecanismo do reloxo antes da súa restauración. Este feito ocasionou o desgaste dunha das rodas dentadas que quedou irremediabilmente deteriorada polo que foi preciso a súa substitución. Durante a restauración foron substituídas polas orixinais atopadas no fondo do foxo de menor tamaño.

Debido a todo o mencionado optouse pola utilización de fotocélulas que permitan enviar un sinal eléctrico a uns motores situados no alto da torre, responsables do accionamento dos martelos percutores. Deste xeito mantense o principio mecánico que caracteriza aos reloxos históricos evitando o incremento do tamaño das pesas, así como a incorporación de poleas co conseguinte desgaste da maquinaria.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver serían as seguintes:

- Instalación de dous equipos de fotocélulas na cámara do reloxo.
- Instalación do cadro de elementos e conexións.
- Dúas fontes de alimentación.
- Dous mini contactores de maniobra.
- Iluminación da cámara do reloxo mediante focos led activados por detector de movemento.
- Instalación no alto da torre do campanario de dous motores de tiro.
- Instalación dun cableado eléctrico de conexión entre os equipos de fotocélulas da cámara do reloxo e os motores de accionamento dos martelos da torre.
- Desmontaxe das campás das horas e dos cuartos da súa estrutura co fin de proceder á restauración da primeira, datada no ano 1866, e á fundición da segunda datada no ano 1947 co fin de realizar outra coas mesmas características formais e sonoras, en bronce, con coroa para aplicación de xugo, acople especial para o badalo, copia do texto da actual campá e da cruz.
- Restauración in situ da estrutura portante da campá das horas (1866).
- Desmontaxe dos elementos decorativos de forxa, cruz e catavento.
- Desmontaxe da estrutura portante da campá dos cuartos (1947) para proceder ao seu reforzo e restauración.
- Desmontaxe e restauración das barras portantes das pancas dos martelos.
- Restauración das pancas dos martelos de gravidade e restitución, no caso de que poidan cumprir coa súa función, dos fragmentos que da mesma se poidan atopar na torre.
- Fabricación de novos abarcóns para as campás e colocación de elementos de madeira como illante da resonancia das campás.
- Aplicación dunha capa de protección anticorrosión ao conxunto da estrutura portante das campás, elementos decorativos e sistema de martelos de gravidade.
- Colocación no tellado de conos para evitar a entrada de auga.
- Fabricación dunha nova pesa de forma cilíndrica, en pedra de granito, en substitución da actual de ferro (provisional) e co mesmo peso.



BEN: Igrexa de san Tomé de Serantes

SITUACIÓN: Lugar de Serantes, 32428 Leiro (Ourense)

PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao atoparse incluído no Catálogo de Patrimonio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Leiro aprobado o 25.06.2012 (BOP 21.07.2012) co código de elemento 1-13, e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior e as súas imaxes da igrexa de san Tomé de Serantes (exp. SAE: 2017/039)

INVERSIÓN ESTIMADA: 42.350,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

O retablo maior da igrexa de san Tomé de Serantes é de estilo barroco e cronoloxicamente podémolo datar no século XVIII. Presenta unha policromía rica en dourados á auga e marmoreados de gran riqueza cromática e está constituído por predela, corpo central e ático.

Verticalmente está dividido e tres rúas, unha principal de maior tamaño e dúas laterais separadas da central por columnas salomónicas decoradas con motivos vexetais en forma de acios de uvas e follas de parra.

En canto á estrutura parecen presentan unha boa estabilidade e verticalidade, sen que se aprecien partes desprendidas ou a punto de desprenderse.

O primeiro corpo está constituído por tres rúas separadas por columnas salomónicas que albergan as imaxes de san Pedro (á dereita do retablo), san Tomé no centro e san Cristovo á esquerda.

O ático está separado do corpo central por unha ampla cornixa profusamente decorada con elementos florais e divídese en tres partes separadas por columnas salomónicas ornamentadas de igual maneira que as situadas no corpo principal. Ten tres fornelas coas imaxes de san Martiño á dereita do retablo, san Tomé no centro e san Roque no lateral esquerdo. As tres imaxes pódense datar no século XVIII. Encabezando o conxunto na figura do Padre Eterno na zona central do arco de medio punto que conforma o ático.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O retablo está realizado en madeira tallada e unida mediante ensambles de madeira e cravos de ferro. A preparación da policromía parece estar feita a base de sulfato cálcico e cola animal e presenta un estado de conservación malo, con numerosas lagoas e zonas mal adheridas ao soporte que poñen en perigo a súa conservación.

En canto á estrutura o retablo presenta un desprome acusado na zona da cornixa que pon en grave perigo a estabilidade do conxunto e que podería dar como resultado o derrubamento deste.

Presenta ataques puntuais de insectos xilófagos, elementos cerámicos pertencentes a unha antiga instalación eléctrica cravados por medio de puntas ao retablo, unha instalación de cableado eléctrico pola zona anterior, incluso coa presenza de tubos corrugados na zona posterior con cableado, sucidade superficial abundante e a capa de protección moi oxidada.

En relación as condicións ambientais que presenta o templo non parece haber un elevado grao de humidade polo que as condicións de humidade e temperatura parecen bastante estables. Aínda que resulta difícil precisar estas variables sen unha recollida de datos durante un período de tempo prolongado cun instrumental axeitado para tal fin (datalogger).

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver serían as seguintes:

- Desmontaxe do retablo.
- Desinsectación preventiva.
- Consolidación das zonas atacadas por xilófagos.
- Fixación da policromía.
- Reintegracións volumétricas e resanado de gretas.
- Retirada de elementos alleos á obra: pezas do cableado eléctrico, cravos oxidados...
- Limpeza físico química.
- Tratamento de metais.
- Carpintería de restauración.



- Eliminación de repintes.
- Estucado.
- Reintegración cromática.
- Montaxe do retablo.
- Restauración das imaxes de: san Pedro, san Tomé (zona ático), san Cristovo, san Martiño, san Roque, santa Bárbara e san Gregorio.
- Protección final: coa finalidade de protexer a obra dos diversos axentes externos procederase á aplicación dun verniz final.



BEN: Igrexa de san Salvador de Mourisco
SITUACIÓN: Lugar de Saa, 32111 Paderne de Allariz (Ourense)
PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao atoparse incluído no Catálogo de Patrimonio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Paderne de Allariz aprobado o 15.09.2008 (BOP 13.02.2009) coa ficha nº A_032, e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior da igrexa de san Salvador de Mourisco (exp. SAE: 2017/037)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 24.200,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 3 meses

DESCRICIÓN:

O retablo maior da igrexa de San Salvador de Mourisco é de estilo barroco e cronoloxicamente podémolo datar no século XVIII. Presenta unha policromía rica en dourados á auga e marmoreados de gran riqueza cromática e está constituído por sotabanco, predela, primeiro corpo, segundo corpo e ático. Verticalmente está dividido en tres rúas, unha principal de maior tamaño, e dúas laterais separadas da central por columnas salomónicas ricamente ornamentadas con cintas e motivos vexetais.

Nos laterais do sotabanco hai dúas pinturas ao óleo sobre táboa que parecen corresponder ao século XVIII e no centro atópase un frontal de altar ornamentado cunha complexa decoración en relevo de tipo vexetal.

A predela posúe relevos con cabezas de anxos e motivos vexetais, actualmente diante da mesma atópase un sagrario de latón sobre escalinata en madeira e dourada á auga de recente creación.

O primeiro corpo está constituído por tres fornelas, unha central de maior tamaño e flanqueada por estípites, e na zona superior a presenza de dous anxos descorrendo unha cortina. Esta fornela contén un baldaquino que contén a imaxe do neno Xesús como salvador do Mundo en madeira policromada. A imaxe esta vestida cun traxe vermello decorado con flores, por este motivo non se pode asegurar se se trata dunha imaxe de vestir ou e unha talla de corpo enteiro. A fornela dereita alberga a imaxe da Virxe Inmaculada e non posúe fondo polo que é visible o muro posterior (eliminado posiblemente por mor dun incendio). A fornela esquerda ten unha imaxe dun Sagrado Corazón e nas entrerúas de dereita a esquerda do retablo aparecen as imaxes da Virxe do Carme, san Antón, san Cristovo e a Virxe de Fátima.

O segundo corpo ten unha altura menor que o anterior e tamén está dividido por columnas salomónicas en tres rúas. Na rúa central hai unha fornela abucinada que contén a imaxe do Divino Salvador, talla en madeira policromada do século XVIII. Esta imaxe foi modificada recentemente ao eliminar o Orbe, probablemente de madeira que tiña na man esquerda por unha esfera de cristal (semellante a unha tulipa de lámpada), á que vai un cableado eléctrico. Nas rúas laterais ollamos relevos en madeira policromada: o da dereita representa a escena da "Adoración dos pastores" e o da esquerda unha Epifanía.

O conxunto está rematado por un ático semicircular cun Cristograma no seu centro.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O retablo está realizado en madeira tallada e unida mediante ensambles de madeira e cravos de ferro.

A preparación da policromía parece estar feita a base de sulfato cálcico e cola animal, e semella estar en bo estado, a excepción da zona dereita do retablo. Nesta zona vense signos moi visibles dun incendio que se orixinou á altura da predela e que se propagou ata a cornixa que separa o primeiro corpo do segundo, afectando a toda a rúa dereita do primeiro corpo.

En canto á estrutura parece presentar unha boa estabilidade e verticalidade, sen que se aprecien partes desprendidas ou a punto de desprenderse exceptuando a zona do ático. O ático que presenta signos de deterioración causados pola humidade ou por un posible ataque de térmita (imposible de valorar sen estada), así como faltas en molduras. Esta zona requiriría a supervisión dunha empresa especializada que revisara o estado de conservación no que se atopan as ancoraxes ao muro, así como o alcance do deterioro do soporte e se este foi atacado por térmita.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As actuacións principais a desenvolver serían as seguintes:

- Elaboración de mapas de estado de conservación.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Elaboración de proxecto de intervención.



- Supervisión das ancoraxes e soporte lígneo da zona do ático.
- Desinsectación preventiva.
- Consolidación das zonas atacadas por xilófagos.
- Revisión de ancoraxes e se fose necesario substitución dos mesmos.
- Fixación da policromía.
- Reintegracións volumétricas e resanado de gretas.
- Retirada de elementos alleos á obra.
- Limpeza físico química.
- Estucado.
- Reintegración cromática.
- Protección final.
- Restauración das seguintes imaxes: Divino Salvador, Virxe do Carme, santo Antón, Neno Xesús e san Cristovo.

[Handwritten signature]



BEN: Igrexa de san Miguel de Soutopenedo

SITUACIÓN: A Eirexa, 7, Lugar do Penedo, 32910 San Cibrao das Viñas (Ourense)

PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao atoparse incluído no Catálogo de Patrimonio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de San Cibrao das Viñas aprobado o 30.12.2004 (DOG 10.1.2005) coa ficha nº AR201, e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior da igrexa de san Miguel de Soutopenedo (exp. SAE: 2017/038)

INVERSIÓN ESTIMADA: 27.527,50 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

O retablo maior da igrexa de san Miguel de Soutopenedo é de estilo barroco e cronoloxicamente podémolo datar no século XVIII. Presenta unha policromía rica en dourados á auga e marmoreados de gran riqueza cromática e está constituído por sotabanco, predela, corpo principal e ático. Verticalmente está dividido e tres rúas, unha principal de maior tamaño e dúas laterais separadas da central por estípetes.

A rúa central esta presidida por unha gran fornella con arco de medio punto que acolle a imaxe de san Miguel de gran tamaño e calidade escultórica, que presenta unha rica policromía rica en estofados (zona das ás) e dourados á auga. Esta fornella ocupa parte do ático e o corpo principal interrompendo o trazado da cornixa que divide ambos elementos. Baixo a fornella de san Miguel atopamos un elemento escultórico decorado con motivos florais e cintas, onde antano debería estar situado o sagrario orixinal. Actualmente diante de este elemento atópase un sagrario-expositor realizado en madeira e dourado á auga que non é orixinal do retablo.

O sotabanco esta realizado en madeira, ten relevos policromados con motivos vexetais e o seu centro esta constituído por un cordobán (elemento de artesanía en coiro sobre o que se estampan, labran ou repuxan os policromados dourados ou estofados realizado en coiro de excelente calidade e singularidade decorado con flores.

Na predela atópanse relevos que fan referencia aos catro evanxelistas dunha gran calidade artística, tanto polo seu traballo de talla como pola riqueza da policromía, rica en estofados realizados cunha extraordinaria calidade técnica, pola súa finura e delicadeza nos detalles.

As rúas laterais do corpo principal están formadas por catro estípetes profusamente decorados con ricas tallas de cabezas de anxos, cintas e rocallas. A rúa lateral dereita presenta unha fornella con arco de medio punto que acolle a figura de san Xosé e a esquerda a imaxe de santo Antón Abade.

O ático está dividido por estípetes de menor tamaño que no corpo principal e presenta un relevo sobre a imaxe de san Miguel, de Cristo e a Virxe sobre un ceo de nubes con cabezas de anxos sobre o que se sitúa a alegoría do Espírito Santo. Nos extremos as imaxes de san Bieito e un monxe dominico. Presidindo todo o conxunto na zona central do ático unha gran coroa en madeira policromada e dourada á auga que foi restaurada recentemente por mor da súa caída sobre o altar.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

O retablo está realizado en madeira tallada e unida mediante ensambles de madeira e cravos de ferro.

A preparación da policromía parece estar feita a base de sulfato cálcico e cola animal, a técnica empregada na policromía deste é o temple e presenta numerosos desprendementos ocasionados pola falta de adhesión dos diferentes estratos.

A simple vista o soporte non presenta un grave problema de ataque de xilófagos. A estrutura semella estar en bo estado e parece presentar unha boa estabilidade e verticalidade, sen que se aprecien partes desprendidas ou a punto de desprenderse. Recentemente a coroa do ático caeu sobre o altar provocando numerosos danos nesta. Dita coroa foi restaurada, para este motivo instalouse unha estada co fin de recolocala na súa posición orixinal e comprobar o estado de conservación dos demais elementos decorativos, así como revisar os elementos de ancoraxe do retablo ao muro, constatando segundo opinión da empresa que non existe perigo de derrubamento do retablo.



Existe un gran cableado eléctrico, incluídos enchufes, por todo o retablo co conseguinte perigo de incendio que pode ocasionar.

En xeral, a acumulación de po e sucidade por todo o elemento escultórico é bastante salientable, alterando considerablemente a visión da rica policromía e provocando a degradación dos materiais que constitúen a obra. Finalmente a oxidación do verniz desvirtúa o aspecto estético da policromía.

En relación as condicións ambientais que presenta o templo, non parece haber un elevado grao de humidade, polo que as condicións de humidade e temperatura parecen bastante estables. Aínda que resulta difícil precisar estas variables sen unha recollida de datos durante un período de tempo prolongado cun instrumental axeitado para tal fin (datalogger).

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

As necesidades que se pretenden cubrir coa restauración son as de frear o deterioro do retablo, suprimindo ou minimizando os factores de alteración actuais e prevendo no posible os futuros así como a recuperación da súa funcionalidade. A intervención recolle as necesidades descritas acometendo os traballos necesarios que acaden a solución das patoloxías detectadas e permitan a recuperación do ben cultural. Os traballos necesarios para acadar dita recuperación son:

- Redacción de proxecto de intervención.
- Elaboración de mapas de estado de conservación.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Desinsectación preventiva.
- Consolidación puntual do soporte, en caso de considerarse necesaria.
- Revisión de ancoraxes e se fose necesario substitución dos mesmo.
- Tratamento de elementos metálicos.
- Fixación da policromía.
- Reintegracións volumétricas e resanado de gretas.
- Retirada de elementos alleos á obra: pezas do cableado eléctrico...
- Limpeza físico química.
- Eliminación de repintes puntuais no retablo e imaxes.
- Estucado.
- Reintegración cromática.
- Protección final.
- Restauración das imaxes pertencentes ao retablo.
- Redacción dunha memoria final de intervención.



BEN: Santuario de Nosa Señora dos Remedios de Vilamaior

SITUACIÓN: Lugar de Vilamaior do Val, 32600 Verín (Ourense)

PROTECCIÓN: O inmovible está protexido polo seu valor cultural ao atoparse incluído no Catálogo de Patrimonio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Verín aprobado o 7.12.2012 (BOP 31.12.2012) coa ficha nº A_089, e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

ACTUACIÓN: Restauración do retablo da Natividade no santuario de Nosa Señora dos Remedios (exp. SAE: 2018/091)

INVERSIÓN ESTIMADA: 18.029,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

O retablo da Natividade é un retablo dun único corpo que se centra na representación do Portal de Belén. Sigue a iconografía fixada a finais do século XIV cando se incorporan á escena principal –Sagrada Familia– outras secundarias como pastores, anxos ou adoradores. Atribúese como fonte principal, xunto cos evanxeos de Lucas e Mateo, “As aparicións de Santa Brígida”, a cal durante a súa peregrinación a Terra Santa en 1370 se lle apareceu a Virxe María e lle contou os pormenores do nacemento de Xesús. Acompañando a este corpo central, tanto na parte interior dos batentes como nos laterais da caixa, seis relevos representan escenas relacionadas coa infancia de Xesús nos que se pon de manifesto a importancia da Virxe en clara sintonía cos ideais tridentinos do momento. No caso de Vilamaior, ademais de incluírse figuras habituais doutros Nacementos como os pastores e os oferentes xunto con representacións de ánxeles, cabe destacar entre as figuras exentas aos cinco músicos, que dotan de excepcionalidade iconográfica a este conxunto. A súa presenza está en relación coa importancia das celebracións en torno á Confraría dos Remedios e o papel do templo como centro de peregrinación e santuario mariano. Ponse de relevo a significación do carácter devocional e festivo das celebracións litúrxicas e que explica a denominación de “O altar dos gaiteiros” (Hervella, 1990(1)) que lle dan os paisanos.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

As necesidades que se pretenden cubrir son as de recuperación da estabilidade do retablo. Este retablo, constituído por estrutura de madeira policromada e dourada foi obxecto dunha primeira fase de estudos no ano 2016 que concluíu que amosa a seguinte patoloxía:

- perda de consistencia do soporte e ataque de insectos xilófagos
- desaxustes estruturais
- fendas e gretas
- reconstrucións volumétricas inadecuadas
- estratos polícromos debilitados
- lagoas de policromía
- repintes.

A maior abundamento é de interese a recuperación e posta en valor do retablo en relación á potencialidade do monumento, tendo en conta que o seu carácter de santuario o converte nun referente social da comarca.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

A intervención de restauración que de seguido se expón recolle as necesidades descritas acometendo as obras necesarias que acadan a solución das patoloxías detectadas e permitan a recuperación deste conxunto retabístico de grande interese artístico. A proposta está encamiñada á recuperación da autenticidade do retablo tendo en conta que foi obxecto de intervencións desafortunadas sucesivas.

Os traballos necesarios para acadar a restauración son:

- Elaboración de mapas de estado de conservación.
- Controis temporais de temperatura e humidade.
- Elaboración de proxecto de intervención.
- Limpeza superficial.
- Fixación da policromía.
- Desmontaxe estrutural de pezas con fragilidade.
- Consolidación e saneamento do soporte.
- Reintegracións volumétricas.



- Revisión e/ou substitución de ancoraxes.
- Limpeza da policromía con eliminación de repintes.
- Tratamento de lagoas.
- Reintegración cromática.
- Protección final.

[Handwritten signature]